

II.3. Por levar adiante as operacións de procesamento de froitos de *Pinus spp.*: 12 €/kg.

II.4. Por levar adiante as operacións de procesado de froitos de fagáceas: 4 €/kg.

II.5. Por levar adiante as operacións de procesamento de froitos de frondosas de sementes de baixa densidade: 15 €/kg.

Orde do 9 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións, axudas de compensacións complementarias e axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrún que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais, e se convocan para o ano 2010.

A detección das enfermidades animais incluídas nos programas de loita, control e erradicación autorizados pode derivar no sacrificio obrigatorio e destrución dos animais, seguido dunha hixienización das instalacións da explotación, de acordo coa normativa en vigor.

O Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, (BOE nº 307, do 21 de decembro), establece no seu artigo 2 as enfermidades que estarán sometidas a control oficial en programas nacionais de erradicación.

Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal e demais lexislación concordante, os titulares dos animais sacrificados de forma obrigatoria na execución de programas de erradicación de tuberculose bovina e brucelose no gando vacún e ovino-cabrún, terán dereito a recibir a correspondente indemnización en función dos baremos aprobados oficialmente.

Así mesmo, os titulares de gando afectado pola lingua azul ou febre catarral ovina terán dereito á correspondente indemnización, segundo o suposto que lle corresponda en función da normativa que establece os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais afectados desta enfermidade.

O Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral e coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, no seu artigo 9, establece que o sacrificio dos animais, por sospeita e/ou confirmación destas enfermidades, dará dereito a unha indemnización por sacrificio obrigatorio, de acordo cos baremos oficialmente establecidos.

As decisións da Comisión 2006/759/CE e 2007/848/CE que aproban os programas nacionais de

España para o control da salmonela en mandas de reproductoras e de poñedoras da especie *Gallus gallus*, e así mesmo a Decisión 2009/771/CE que aproba o programa nacional español para o control da salmonela en mandas de pavos da especie *Meleagris gallopavo*, recollen nunha das súas medidas o sacrificio obrigatorio das aves das mandas consideradas infectadas.

Ademais, o Real decreto 445/2007, do 3 de abril, (BOE nº 95, do 20 de abril), polo que se establecen as medidas de loita contra a influencia aviaria incorpora ao dereito español a Directiva 2005/94/CE do Consello, relativa a medidas comunitarias de loita contra a influencia aviaria; este real decreto establece que o sacrificio obrigatorio das aves dará dereito ao seu titular á correspondente indemnización.

Os baremos oficiais de indemnizacións son os que están vixentes e publicados no *Boletín Oficial del Estado* mediante ordes do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino ou ben mediante real decreto. Así, a Orde do 15 decembro de 2000 (BOE nº 303, do 19 de decembro) establece os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio de animais sospeitosos ou afectados de encefalopatías esponxiformes transmisibles, o Real decreto 1473/2005, do 9 de decembro, (BOE nº 311, do 29 de decembro) modifica os anexos do Real decreto 1328/2000, do 7 de xullo, polo que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais obxecto de programas nacionais de erradicación de enfermidades, e a Orde APA/1438/2005, do 17 de maio (BOE nº 122, do 23 de maio), modifica a Orde do 15 de decembro de 2000, pola que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio de animais afectados de lingua azul e a Orde APA/940/2008, do 2 de abril, pola que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais obxecto dos programas nacionais de control de salmonela en mandas de aves reproductoras e poñedoras do xénero *Gallus gallus*.

Con todo, as indemnizacións establecidas non cobren suficientemente as importantes perdas económicas dos produtores naquelas explotacións nas que se fai un baleiro sanitario por sacrificio preventivo e destrución de todos os seus animais, que se ven obrigadas, ademais, a asumir un período de inactividade produtiva ata que os servizos veterinarios oficiais autorizan a reintrodución de animais na explotación. Consecuentemente, resulta pertinente establecer mecanismos de compensación complementaria.

Por outra parte, cómpre ter en conta a dificultade coa que se atopa o produtor para poder repoñer os animais de similares características a que se lle obrigou a sacrificar, e que, na maior parte dos casos, non hai posibilidade de acadar a reposición total ao mesmo tempo.

Polo tanto, para aqueles casos nos que nas indemnizacións por sacrificio obrigatorio non se acada o valor de adquisición de novos animais similares aos sacrificados e, consecuentemente, non resultaría

factible repoñer eses animais, considérase necesario establecer axudas para favorecer a reposición do gando sacrificado obrigatoriamente.

O artigo 10 do Regulamento (CE) nº 1857/2006 da Comisión do 15 de decembro (DO L 358 do 16 de decembro), sobre aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 70 /2001, establece que estas axudas destinadas a compensar aos agricultores polas perdas por enfermidades dos animais serán compatibles co mercado común e quedarán exentas da obriga de notificación (conforme o número 3 dos artigos 87 e 88).

Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confire o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é o establecemento das bases reguladoras e convocar para o ano 2010:

-As indemnizacións ás que teñen dereito os titulares, rexistrados en Galicia, de animais e /ou produtos sacrificados e /ou destruídos por motivo do control e erradicación de enfermidades animais.

-As axudas de compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación gandeira, rexistrada en Galicia, por motivos dunha enfermidade sometida a un programa de erradicación.

-As axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos naquelas explotacións rexistradas en Galicia nas que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, tras a realización do diagnóstico dunha das enfermidades sometidas a un programa oficial de control ou erradicación. Tamén se incluírán os casos de morte dos animais das citadas especies por mor dunha enfermidade sometida a un programa oficial de control ou erradicación e os casos de morte de animais consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

2.1. Poderán ser beneficiarios das indemnizacións os seguintes titulares con explotacións rexistradas en Galicia:

1) Os titulares dos animais que se sacrificuen ou morran por resultar reaccionantes ás probas diagnósticas de tuberculose bovina, brucelose e lingua azul no gando vacún, ovino e cabrún ou por ter con-

vivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos polos veterinarios actuantes.

2) Os titulares dos animais e os seus produtos de calquera especie sacrificados e /ou destruídos por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

3) Os titulares dos animais e produtos das especies *Gallus gallus* e *Meleagris gallopavo* sacrificados/destruídos por orde da autoridade competente dentro dos programas nacionais de control de salmónela.

4) Os titulares das aves e produtos sacrificadas/destruídos pola aparición dun foco de influenza aviaria.

5) Ademais dos supostos recollidos na Lei de sanidade animal e na normativa estatal básica de desenvolvemento dos programas sanitarios de control e/ou erradicación de cada enfermidade.

2.2. Poderán ser beneficiarios das axudas de compensacións complementarias por lucro cesante os titulares das explotacións rexistradas en Galicia nas que se sacrificasen ou destruísen de forma preventiva, a totalidade do seu censo por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha enfermidade sometida a un programa oficial de erradicación.

2.3. Poderán ser beneficiarios das axudas para a compra de animais, os titulares de explotacións de gando rexistradas en Galicia nas que se ordenara o sacrificio obrigatorio de bovinos, ovinos ou cabrúns existentes na explotación, como consecuencia do diagnóstico dunha das enfermidades sometidas a un programa oficial de control ou erradicación, así como daquelas explotacións onde morreron os animais por mor dunha enfermidade sometida a un programa oficial de control ou erradicación ou por mor dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

Artigo 3º.-*Contía das axudas.*

3.1. As contías das indemnizacións serán as que correspondan en cada momento segundo os baremos ou prezos oficiais aprobados polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.

No caso dos produtos destruídos por motivo das encefalopatías esponxiformes transmisibles, cando a aplicación dos prezos citados non acade o valor medio normal nos mercados de referencia, farase unha taxación a prezo de mercado.

3.2. O importe das compensacións complementarias por lucro cesante será determinado con base nos cálculos aplicados ás marxes brutas das principais actividades produtivas gandeiras das explotacións, que se xuntan como anexo I a esta orde, tendo en conta o período de inactividade a partir do día no que a autoridade competente sinala o baleiro sanitario da explotación. O período indemnizable será de tres meses contados desde o mesmo día que se auto-

rice oficialmente a reintrodución de animais e sumados ao tempo de baleiro da explotación, sempre de acordo coas disponibilidades orzamentarias.

3.3. Os cálculos para a determinación dos importes das compensacións faranse multiplicando o valor en euros da marxe bruta de cada unidade de produción polo número de unidades de produción que consten como datos oficiais referidos á explotación afectada na Consellería do Medio Rural. Resultará así un importe anual que, dividido por 365 días, determinará o importe diario que será multiplicado polo número de días de inactividade.

En caso de recuperación parcial da actividade serían descontados, para os días restantes, os importes das unidades de produción correspondentes.

Para os casos en que o período de inactividade supoña a perda de posibilidade de percepción do importe total da prima anual, aplicarase para o cálculo o valor de marxe bruta sen prima e incrementárase o importe final co valor total anual da prima.

3.4. As axudas para a compra de animais destinados á reposición poderán concederse nas contías e cos límites seguintes:

a) 500 euros por animal adquirido da especie bovina e 50 euros no ovino-cabrán nos casos de baleiro sanitario nunha explotación, que será incrementado nun 10% se pertence a unha AD SG, ata un máximo de 24.000 euros por beneficiario.

b) O 75% dos importes citados na alínea a) por cada animal adquirido nos casos en que non se realiza o baleiro total da explotación, importe que será incrementado nun 10% se pertence a unha AD SG, ata un máximo de 12.000 euros por beneficiario.

c) Ademais do establecido nos puntos anteriores, poderá concederse unha contía adicional nos casos seguintes:

1º Se os animais bovinos sacrificados pertencen a explotacións incluídas en núcleos de control leiteiro, nun importe por animal igual ao resultado de multiplicar:

0,15 euros polos quilos de leite resultantes de aplicar a diferenza entre o rendemento leiteiro medio de, polo menos, o 60% da femias da explotación con maior rendemento e a cantidade de 6.700 quilos.

2º Se os animais bovinos sacrificados pertencen a unha raza cárnica e están inscritos no libro xenealóxico da citada raza poderase engadir unha contía adicional de:

150 euros en vacas menores de 10 anos cualificación morfolóxica de 75 a 79 puntos.

300 euros en vacas menores de 10 anos cualificación morfolóxica de 80 a 84 puntos.

450 euros en vacas menores de 10 anos cualificación morfolóxica máis de 85 puntos.

Aplicaríase a cualificación morfolóxica que figure na carta do animal.

Nestes últimos casos o límite máximo por beneficiario será de 36.000 euros.

d) En todo caso, a axuda concedida para compensar a diferenza entre o importe das indemnizacións xa concedidas polo animal sacrificado por motivos sanitarios e o prezo de adquisición dun animal de substitución, non poderá exceder a axuda máxima á renda que se pode conceder, en virtude do artigo 10, número 2º, letra a), inciso ii), do Regulamento (CE) nº 1857/2006.

O número de reses obxecto da axuda non poderá ser superior, en ningún caso, ao dos animais que figuren asignados a esa explotación na base de datos oficial da Consellería do Medio Rural e que fosen obxecto de sacrificio obrigatorio, ou mortos por enfermidade sometida a un programa oficial de control ou erradicación ou mortos debido a un programa oficial obrigatorio de vacinación.

3.5. No cálculo das axudas de compensacións complementarias por lucro cesante e das axudas para a compra de animais destinados á reposición teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Para causar dereito a axuda, as enfermidades deben figurar na lista de epizootias da Oficina Internacional de Epizootias ou no anexo da Decisión 90/424/CEE.

b) A axuda limitarase a perdas ocasionadas polas enfermidades cuxos abrochos foran oficialmente recoñecidos polas autoridades competentes dentro dun programa público, de prevención, control ou erradicación.

c) Restaranse do importe máximo da axuda os importes recibidos, en virtude de réximes de seguros e os custos que non se efectuasen debido á enfermidade e que se terían efectuado en todo caso.

d) Non se poderán conceder axudas por enfermidades para as que a normativa comunitaria impoña taxas específicas para medidas de loita contra elas.

e) Non se poderán conceder axudas por medidas cuxo custo, segundo o establecido pola normativa comunitaria, deba ser sufragado polos gandeiros, salvo que ese custo quede totalmente compensado por taxas obrigatorias pagadas polos produtores.

f) Non se poderán pagar axudas para compensar perdas ou gastos producidos nun momento anterior a un prazo de catro anos.

Artigo 4º.-*Requisitos.*

4.1. Para poder ter dereito ás axudas reguladas nesta orde é imprescindible que os beneficiarios e as súas explotacións gandeiras cumpran de forma estrita a normativa en vigor sobre sanidade animal, identificación, rexistro e benestar animal, programas nacionais de control e erradicación de enfermidades

animais, e vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

4.2. Para as axudas de compra de animais destinados á reposición a Administración comprobará ademais os seguintes requisitos:

a) En todos os casos, ter sacrificado obrigatoriamente aqueles animais de especies susceptibles de padecer a enfermidade e que foron diagnosticados positivos/sospeitosos.

b) Ter efectuado previamente á reposición dos animais, a limpeza e desinfección da explotación, de acordo coa lexislación vixente e as instrucións da autoridade competente.

c) Cumprir a normativa establecida na Orde do 4 de abril de 1997 pola que se establecen as normas para o desenvolvemento das campañas de saneamento gandeiro das especies bovina, ovina e cabrúa.

d) Requisitos dos animais adquiridos:

1. Os animais da especie bovina obxecto da axuda procederán de explotacións con cualificación sanitaria T3 e B4 e libres de encefalopatías esponxiformes transmisibles, e os das especies ovina e cabrúa de explotacións con cualificación sanitaria M4 e tamén libres de EET.

2. Unicamente será subvencionable a reposición efectuada con animais correctamente identificados e rexistrados, e para manter na explotación un nivel de produción similar ao existente con anterioridade ao sacrificio.

Artigo 5º.-*Financiamento.*

5.1. As indemnizacións, compensacións complementarias por lucro cesante e as axudas para compra de animais destinados á reposición establecidas nesta orde, así como as indemnizacións correspondentes aos animais sacrificados ou produtos destruídos que non puideron ser tidos en conta por presentar os certificados de sacrificio ou destrución con posterioridade ao pechamento do exercicio orzamentario anterior, aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010:

-13.02.713E.470.1 destínase inicialmente un importe de 455.000 euros.

-13.02.713E.770.0 destínase inicialmente un importe de 250.000 euros.

-13.02.713E.770.1 destínase inicialmente un importe de 700.000 euros.

5.2. Os importes citados poderán ser incrementados na medida necesaria para que poidan ser atendidas todas as axudas xestionadas conforme o previsto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5.3. A concesión das axudas estará condicionada á aprobación da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, de acor-

do co artigo 5 da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

Artigo 6º.-*Tramitación.*

6.1. Nas indemnizacións o procedemento iniciárase de oficio nos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural (sen solicitude).

Os beneficiarios das indemnizacións deberán presentar, segundo a enfermidade de que se trate e seguindo instrucións dos departamentos territoriais da consellería, a documentación seguinte:

a) Autorización para a consulta de datos de identidade (anexo II).

b) Certificado da entidade bancaria acreditativo de que a conta achegada para a domiciliación dos pagamentos corresponde ao beneficiario.

c) Xustificantes do sacrificio/eutanasia dos animais conforme a normativa vixente.

d) Autorizacións de traslado (conduces) ao mata-doiro dos animais.

e) Documentos de acompañamento comercial de subprodutos animais (M.E.R.-VISECART).

f) Xustificantes de destrución de produtos.

6.2. Nas compensacións complementarias por lucro cesante as solicitudes das axudas faranse empregando o modelo que figura como anexo III desta orde. Os solicitantes destas axudas deberán presentar xunto coa solicitude (unha soa solicitude por NIF e por ano) os documentos seguintes:

a) Certificación da entidade bancaria acreditativa de que a conta sinalada na solicitude para a domiciliación dos pagamentos lle corresponde ao solicitante.

b) Xustificantes do sacrificio/eutanasia dos animais conforme a normativa vixente.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

d) Declaración de titularidade de pólizas de seguros gandeiros e documento xustificativo dos importes percibidos polo seguro, se é o caso.

e) No caso de persoas xurídicas, copia compulsada do documento de constitución da sociedade e os estatutos e certificado expedido polo órgano xestor da sociedade en que conste o acordo de solicitar a axuda e a identidade da persoa autorizada para solicitala.

6.3. Nas axudas para a compra de animais destinados á reposición as solicitudes de axudas faranse empregando o modelo que figura como anexo IV desta orde.

Xunto coa solicitude (unha soa solicitude por NIF e por ano), os solicitantes destas axudas achegarán a seguinte documentación:

a) Certificado da entidade bancaria acreditativo de que a conta citada na solicitude para a domiciliación dos pagamentos lle corresponde ao solicitante.

b) Facturas pagadas, ou documento equivalente, que acrediten a compra das reses polas que se solicita a axuda.

c) Xustificantes do valor económico obtido na comercialización dos animais.

d) Xustificantes do importe percibido polas canais no matadoiro.

e) Declaración de titularidade de pólizas de seguros gandeiros e documento xustificativo dos importes percibidos polo seguro, se é o caso.

f) No caso de que os animais bovinos sacrificados fosen de raza cárnica e estivesen inscritos no libro xenealóxico da raza, copia cotexada da carta xenealóxica dos animais sacrificados en que figure a cualificación morfolóxica.

g) Declaración complementaria do conxunto das axudas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

h) No caso de persoas xurídicas, copia compulsada do documento de constitución da sociedade e os estatutos e certificado expedido polo órgano xestor da sociedade en que conste o acordo de solicitar a axuda e a identidade da persoa autorizada para solicitarla.

i) Documento da entidade financeira (banco/caixa) que acredite o movemento bancario entre dúas contas bancarias distintas (a do comprador e a do vendedor), que será o xustificante dos pagamentos das facturas de compra das reses de reposición.

6.4. Se as solicitudes de axudas non reúnen os requisitos sinalados nos puntos anteriores para cada caso, os servizos provinciais de gandería requirirán ao interesado, na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, para que nun prazo de dez días, emende a falta, ou achegue os documentos preceptivos coa indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, despois de ditada a resolución para o efecto.

6.5. As solicitudes das axudas de compensacións complementarias e de reposición poderán presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza -Santiago de Compostela-, así como nos demais lugares e formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Decreto 164/2005, do 16 de

xuño. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte da data de publicación desta orde ata o 21 de novembro de 2010, incluíndo esta data no cómputo do prazo.

6.6. De conformidade co establecido pola Consellería de Presidencia no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos, e coa Orde do 7 de xullo de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 255/2008: para a verificación dos datos de identidade a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente esta consulta e o consentimento deberá aparecer na solicitude da axuda; no caso de que o interesado/a non prestase o consentimento para a comprobación dos seus datos, poderá exixírselle que entregue a fotocopia do documento de identidade correspondente; así mesmo, de haber discordancia entre os datos facilitados polo interesado/a e os que consten no acceso informático que se estableza, o órgano competente poderá realizar as actuacións necesarias para a súa aclaración.

6.7. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Artigo 7º.-Resolución e notificación.

7.1. Nas indemnizacións, unha vez comprobados os requisitos exixidos polos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural e pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria:

1. Emitirase resolución do conselleiro do Medio Rural de aprobación ou denegación da indemnización, na que se especificarán os recursos que procedan. Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. A resolución notificarase na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. No caso de que transcorridos tres meses desde a presentación do xustificante do sacrificio ou destrución dos animais ou produtos afectados, non se rexistrase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a indemnización. Transcorrido o dito prazo, o interesado disporá de tres meses contados a partir do día seguinte a o que se entenda desestimada a indemnización para interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural.

Cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional con-

tencioso-administrativo competente no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se é expresa.

3. Así mesmo, a tramitación da indemnización leva implícita a autorización para o tratamento dos datos para os efectos do disposto en referencia o rexistro público de subvencións no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.2. Axudas á reposición de animais:

1. Os servizos provinciais de gandarfa remitiranlle á Dirección Xeral de Produción Agropecuaria o seu informe sobre as solicitudes presentadas. A tramitación das axudas correspóndelle ao director xeral de Produción Agropecuaria, que elevará a correspondente proposta de resolución ao conselleiro do Medio Rural, quen lle corresponde a resolución das axudas.

2. Poderán resolverse as solicitudes de axuda a medida que se vaian presentando conforme o previsto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. No caso de axudas para compra de gando de reposición poderán entenderse desestimadas as solicitudes non resoltas nun prazo de seis meses contados desde a súa data de presentación. Transcorrido o devandito prazo, o interesado dispón de tres meses para interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural.

7.3. Compensacións complementarias:

1. Emitirase resolución do conselleiro do Medio Rural de aprobación ou denegación da axuda en que se especifiquen os recursos que procedan.

Contra a resolución que dite o conselleiro do Medio Rural poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación daquela.

Cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de acordo co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

2. Poderán resolverse as solicitudes de axuda a medida que se vaian presentando conforme o previsto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución notificarase na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

No caso de axudas complementarias por lucro cesante no suposto de que, transcorridos seis meses desde o rexistro da solicitude de axuda, non se dita resolución expresa, poderá entenderse desestimada a axuda.

7.4. Modificación da resolución:

A resolución de concesión da axuda poderá ser modificada por alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión ou, en todo caso, pola obtención concorrente da axuda e subvención outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Artigo 8º.-*Compatibilidade.*

8.1. Para as indemnizacións as axudas reguladas por esta orde serán compatibles con calquera outra que poida obterse de distintas administracións para esta finalidade, sempre e cando non se supere o valor do animal sacrificado.

8.2. Para as axudas de compensacións complementarias por lucro cesante serán compatibles con calquera outra que poida obterse de distintas administracións para esta finalidade. No suposto de que se engadan varias axudas, o importe acumulado de axuda concedida non poderá exceder nunca do 100% dos custos reais soportados.

8.3 Para as axudas para a compra de animais de reposición as subvencións reguladas por esta orde serán compatibles con calquera outra que se poida obter das distintas administracións para a mesma finalidade, pero o importe conxunto de todas non poderá superar a diferenza establecida na letra d) do punto 3.4. do artigo 3º.

Artigo 9º.-*Reintegro.*

1. O incumprimento polo beneficiario de calquera das condicións establecidas nesta orde dará lugar á perda do dereito á axuda e á devolución, se é o caso, das cantidades indebidamente percibidas.

2. Igualmente, procederá reintegro nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo doutras responsabilidades a que houber lugar (artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

Artigo 10º.-*Xustificación e pagamento.*

10.1. Axudas para a compra de animais de reposición.

1. Para as axudas para a compra de animais de reposición os servizos provinciais de Gandarfa realizarán as comprobacións da documentación presentada polos solicitantes para xustificar a compra das reses e a reposición efectiva.

2. O pagamento da axuda realizarase dunha soa vez, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos.

3. De acordo co artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, quedarán exentos da xustificación do cumprimento das obrigas establecidas no parágrafo anterior os beneficiarios das axudas que non superen un importe de 1.500 euros.

Artigo 11º.-Controis.

1. A Consellería do Medio Rural poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos co fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda. O beneficiario estará obrigado a colaborar na citada inspección, proporcionando os datos requiridos e facilitando, se é o caso, o acceso á explotación.

2. Os beneficiarios terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Disposicións adicionais

Primeira.-Nos aspectos non contados nesta orde, terá que averse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de

axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Segunda.-Esta orde está suxeita á comunicación á Unión Europea e o pagamento das axudas quedará, en todo caso, condicionado a que os órganos competentes da Unión Europea adopten unha decisión de non formular obxeccións a elas, ou declarasen a axuda compatible co mercado común, e as posibles observacións e modificacións derivadas de tal pronunciamento.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2009.

Samuel Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I

Axudas de compensacións complementarias

Marxes brutas das principais actividades produtivas gandeiras das explotacións (valor en euros/unidade).

Actividade	Unidades	Características	Pdto. bruto	G. variable	Marxe bruta
Cabrún	Nai	Sen primas	102,17	9,62	92,56
Ovino	Nai	Con primas	90,15	9,62	80,54
Ovino	Nai	Sen primas	60,10	9,62	50,49
Vacún carne	Cab	Dereitos+prima exten..	1.144,72	358,73	785,99
Vacún carne	Cab	Con dereitos	1.044,72	358,73	685,99
Vacún carne	Cab	Sen dereitos	857,04	358,20	498,84
Vacún leiteiro	Litros/cota/ano	<50.000 l. expl.	0,32	0,15	0,17
Vacún leiteiro	Litros/cota/ano	De 50.001 a 100.000	0,32	0,14	0,18
Vacún leiteiro	Litros/cota/ano	>100.000	0,34	0,15	0,19
Xatos ceba	Praza (1,25 xato)	0-9 meses	854,19	628,81	225,38
Xatos ceba	Praza (1,25 xato)	Con prima	1.054,19	628,81	425,38
Xatos ceba	Praza (1,25 xato)	Prima+prima extensi.	1.179,19	628,81	550,38

ANEXO II
Indemnizacións

Autorización para a consulta de datos de identidade

Apelidos e nome:.....con
NIF..... Teléfono..... e
Enderezo.....

SI

AUTORIZO

NON

a Consellería do Medio Rural, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e coa Orde do 7 de xullo de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 255/2008, para levar a cabo a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Presidencia, co fin de tramitar as indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais.

.....,de.....de 20

Asdo/a.:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III

PROCEDEMENTO COMPENSACIÓNS COMPLEMENTARIAS: XERAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR553A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

TITULAR	REGA	NIF
[]		
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		CÓDIGO POSTAL
[]		[]
CONCELLO	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO		
[]		

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	NIF
[]	[]	[]
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		CÓDIGO POSTAL
[]		[]
CONCELLO	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO		
[]		

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[]	[]	[]	[]
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
[]	[]		
POBOACIÓN	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	
[]	[]	[]	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- De ser o caso, acta de constitución da entidade que solicita (persoa xurídica).
- No caso de representación: autorización para facer a solicitude ao/á asinante desta.
- Certificado de conta bancaria.
- Certificación do sacrificio/eutanasia dos animais e do baleiro da explotación.
- Declaración de axudas concedidas ou solicitadas.
- Declaración de titularidade de pólizas de seguros gandeiros.

Quen abaixo asina solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 9 de decembro de 2009 da Consellería do Medio Rural e consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso, (Decreto 132/2006, do 27 de xullo)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 9 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións, axudas de compensacións complementarias e axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrin que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais, e se convocan para o ano 2010.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de

Conselleiro do Medio Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV

PROCEDEMENTO AXUDAS Á REPOSICIÓN DE ANIMAIS: XERAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR550A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

TITULAR	REGA	NIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)	LOCALIDADE	PROVINCIA
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)	LOCALIDADE	PROVINCIA
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- DE SER O CASO, ACTA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE QUE SOLICITA (PERSONA XURÍDICA).
- NO CASO DE REPRESENTACIÓN: AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE AO ASINANTE DELA.
- CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA.
- DECLARACIÓN DE AXUDAS CONCEDIDAS OU SOLICITADAS.
- DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE PÓLIZAS DE SEGUROS GANDEIROS.
- FACTURAS DE COMPRA OU DOCUMENTO EQUIVALENTE.
- DOCUMENTO DA ENTIDADE FINANCEIRA ACREDITATIVO DO MOVEMENTO BANCARIO DA COMPRA DOS ANIMAIS.
- SE É O CASO, XUSTIFICANTES DO IMPORTE PERCIBIDO POLAS CANAIS NO MATADOIRO.
- SE É O CASO, XUSTIFICANTES DO VALOR ECONÓMICO OBTIDO NA COMERCIALIZACIÓN DOS ANIMAIS.
- SE É O CASO, XUSTIFICANTES DA CUALIFICACIÓN MORFOLÓXICA CÁRNICA.

O que abaixo asina solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 9 de decembro de 2009 da Consellería do Medio Rural e consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas, de ser o caso (Decreto 132/2006, do 27 de xullo).

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE
Orde do 9 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións, axudas de compensacións complementarias e axudas para a compra de gando bovino e ovino-cabrun que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais, e se convocan para o ano 2010.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de

Conselleiro do Medio Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA